

Resolución de 11 de febreiro de 2021 pola que se convocan prazas de mobilidade dentro do Sistema de Intercambio con Universidades Españolas (SICUE) para o estudantado de grao da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

A USC convoca para o Curso Académico 2021/22 prazas de intercambio para diversas universidades españolas ao abeiro do Programa SICUE. De conformidade co art. 33 da Lei 39/2015, a esta convocatoria aplicaráselle o procedemento de tramitación de urxencia, quedando reducidos á metade os prazos ordinarios, excepto no caso das solicitudes e os recursos. Esta convocatoria vai dirixida ao estudantado matriculado en titulacións de grao e está suxeita á normativa do programa establecida pola Conferencia de Reitores/as das Universidades Españolas, ao Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC e ás seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA: OBXECTO, FINALIDADE E CONDICIÓN S

1.1 As prazas ofertadas nesta convocatoria son as recollidas no anexo I desta resolución. O estudantado só poderá realizar a mobilidade nalgunha das prazas coordinadas polo seu centro de orixe na USC. En ningún caso se poderán conceder ao abeiro desta convocatoria prazas de mobilidade en institucións de educación superior distintas das recollidas no anexo I.

1.2 A finalidade do programa é ofrecer ao alumnado da USC a posibilidade de realizar estudos nas diversas universidades participantes no Programa SICUE coas que a USC teña subscrito o debido convenio. Estes estudos serán plenamente recoñecidos pola USC e pasarán a formar parte do expediente académico do estudantado nesta institución. O recoñecemento só se denegará se o/a estudante/a non acada o nivel requirido na institución de acollida ou non cumpre, por outros motivos, as condicións esixidas polas institucións participantes para acadar o pleno recoñecemento.

1.3 Cada estudante deberá concertar coas universidades que interveñen na súa mobilidade, é dicir, a USC e a universidade de acollida, un acordo de estudos antes do período de mobilidade. O acordo de estudos inicial (e as súas posibles modificacións) é a base do recoñecemento e deberá ser aprobado polo/a coordinador/a académico/a, o/a decano/a ou director/a do centro e polas persoas homólogas na universidade de acollida.

1.4 O estudantado seleccionado deberá formalizar matrícula na USC da totalidade dos créditos incluídos no seu acordo de estudos nos prazos establecidos e aboar os prezos públicos correspondentes. Non procederá a matrícula contravindo o plano de estudos nin as normas de matrícula e de permanencia de aplicación nos programas de mobilidade.

1.5 As universidades de destino outorgarán matrícula gratuíta ao estudantado seleccionado pola USC. Polo tanto, este non deberá pagar taxas académicas (en concepto de matrícula, inscrición, exames, uso de laboratorios, bibliotecas, etc.) na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Porén, a institución de acollida pode esixir o pagamento de taxas reducidas para cubrir os custos do seguro, a afiliación a sindicatos de estudantes e o uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio,

etc., nas mesmas condicións que o estudantado ordinario desa institución.

1.6 O período de estudos na universidade de destino deberá formar parte integral do programa de estudos do centro de orixe.

SEGUNDA: REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

2.1 Nesta convocatoria poderá participar o alumnado matriculado na USC no curso 2020/21 para realizar estudos oficiais de grao.

2.2 O estudantado seleccionado para unha mobilidade deberá formalizar matrícula na USC do mesmo nivel de estudo no curso 2021/22.

2.3 Exclúese expresamente o estudantado matriculado en plans de estudo de máster, o estudantado de doutoramento e o estudantado internacional matriculado na USC en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade.

2.4 O alumnado beneficiario do programa SICUE non poderá obter máis dun intercambio na mesma universidade de destino, nin máis dun intercambio SICUE no mesmo curso académico.

2.5 Serán excluídas de oficio as candidaturas do alumnado que, resultando seleccionado en anteriores convocatorias de mobilidade da Oficina de Mobilidade ou do anterior Servizo de Relacións Exteriores, non presentara en prazo e forma a súa aceptación ou renuncia formal.

2.6. Os expedientes das candidaturas deben cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter superados un mínimo de 45 créditos e estar matriculado/a en 30 créditos máis.
- O estudantado procedente de traslado deberán ter superados os 45 créditos na universidade á que se trasladou, na cal solicitan a mobilidade.

2.7. O requisito de superación de créditos deberá cumprirse a 15 de novembro de 2020.

2.8. No caso de intercambios entre universidades presenciais e non presenciais, será requisito necesario para que poidan concederse que exista un cambio efectivo de residencia.

TERCEIRA: SOLICITUDES

3.1 Só se aceptará a solicitude en liña, que estará dispoñible na Secretaría Virtual do estudantado da USC. O prazo de presentación de solicitudes abrangue desde o 12 de febreiro (00:00h) até o 4 de marzo de 2021 (23:59:59 h).

Poderanse ampliar excepcionalmente os prazos descritos para o estudantado que sexa deportista de alto nivel e de alto rendemento. Neses casos, a universidade de orixe solicitará ao estudantado que acredite a súa condición de deportista de alto nivel e de alto rendemento e que achegue unha xustificación motivada da solicitude presentada. Esta excepcionalidade quedara suxeita á dispoñibilidade de prazos e á aceptación por parte da universidade de destino.

3.2 Na solicitude o alumnado debe comprobar os seus datos persoais e marcar a súa elección de 3 destinos en orde de preferencia. Non será necesario imprimir nin entregar en papel a solicitude.

3.3 O alumnado que non realice a súa solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual non será admitido ao proceso de selección, a excepción do estudiantado deportista de alto nivel e alto rendemento, que a poderá realizar con posterioridade ao remate do prazo de solicitude. Nos casos nos que por motivos técnicos imputables á USC non sexa posible realizar a solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual, a persoa afectada deberá presentar un escrito no Rexistro Xeral da USC indicando esta circunstancia. De non presentar este escrito dentro do prazo de solicitude tampouco será admitida ao proceso de selección.

CUARTA: PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN- PRIMEIRA FASE: ELIXIBILIDADE

4.1 O procedemento de selección estruturarase en dúas fases. Nunha primeira fase comprobarase a elixibilidade das persoas candidatas para descartar aquelas que non cumpren os requisitos para participar na convocatoria.

4.2 O estudiantado que non reúna os requisitos esixidos na segunda base desta convocatoria será excluído na listaxe provisoria de candidaturas admitidas ao proceso de selección. Con todo, o alumnado disporá dun prazo de dez (5) días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación de devandita listaxe provisoria para emendar a súa solicitude e xustificar o seu dereito a ser admitido, quedando excluído definitivamente de non facelo.

4.3 Transcorridos eses 5 días hábiles de prazo de emenda, publicarase a listaxe definitiva de candidaturas admitidas e excluídas ao proceso de selección.

QUINTA: PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN - SEGUNDA FASE: ASIGNACIÓN DE DESTINOS

5.1 Nunha segunda fase, os Centros asignaranlle ao alumnado seleccionado un destino en virtude dun procedemento público de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Nesta fase valorarase o expediente académico do alumnado.

5.2 De conformidade co Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC, a comisión de asignación dos centros será presidida pola persoa Responsable Académica de Mobilidade (RAM) e estará integrada por todos/as os/as coordinadores/as académicos/as e pola persoa responsable da unidade apoio á xestión de centros e departamentos, que actuará como secretario/a. Obrigatoriamente un dos membros da comisión de selección será o/a coordinador/a SICUE do Centro.

5.3 A selección das candidaturas levarase a cabo en función da nota media de cualificación exclusivamente. En caso de empate, terá prioridade a persoa con maior número de créditos con matrículas de honra. De continuar o empate prevalecerán como criterios de prioridade o menor número de créditos suspensos e o maior número de créditos superados, nesa orde.

5.4 A nota media do expediente académico calcularase de acordo co establecido no artigo 5 do R.D. 1125/2003; isto é: suma dos créditos cualificados multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, de acordo co Baremo recollido en dito R.D., e dividida polo número de créditos totais cualificados no expediente académico. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán a

efectos de cómputo da media do expediente académico.

5.5. Para o cálculo das notas medias teranse en conta as cualificacións obtidas nos créditos superados até o **15 de novembro de 2020**.

5.6. Terase en conta unicamente a cualificación obtida na última convocatoria, agás o NON PRESENTADO que non computará no numerador nin no denominador.

5.7. Para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos nos que non exista cualificación non se terá en conta para os efectos de ponderación.

5.8 Naqueles casos en que nun expediente non figure, en todas ou algunhas das materias, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do R.D. 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honra	10,00 puntos
Sobresaínte	9,00 puntos
Notable	7,50 puntos
Aprobado	5,50 puntos
Suspenso	2,50 puntos

5.9. As prazas distribuiranse por orde de puntuación dentro de cada universidade e titulación. No se poderán adxudicar máis prazas que as aceptadas nos convenios bilaterais.

5.10. Reservarase un 5% do total das prazas dispoñibles de cada Centro para o estudiantado cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%, feito que deberá acreditarse no momento da solicitude. Para ilo o estudiantado deberá, ademais de realizar a solicitude a través da Secretaría Virtual, enviar a sicue@usc.es unha copia do certificado de discapacidade antes do remate do prazo de solicitude. De non enviar este certificado en prazo o estudiantado afectado concorrerá ao proceso de selección en igualdade de condicións que o resto do estudiantado. No caso de que as prazas reservadas para estudiantado con discapacidade non sexan cubertas por este colectivo quedarán incorporadas ao resto de prazas ofertadas e poderán ser ocupadas por estudiantado sen discapacidade recoñecida.

SEXTA: RECLAMACIÓNS

6.1 Unha vez asignados os destinos, a comisión de cada centro publicará unha **listaxe provisoria**. Contra esa proposta as persoas interesadas poderán presentar unha reclamación perante a Comisión de Selección no prazo de 5 días hábiles, contados desde a data da súa publicación. No caso de que a persoa candidata renuncie ao programa durante esta fase do proceso, os centros poderán reasignar as prazas acorde co punto 5.1. Resoltas as reclamacións, publicarase a **listaxe definitiva do alumnado seleccionado co destino asignado en cada centro. Esta publicación deberá estar realizada en todo caso antes do 9 de abril de 2021 (inclusive)**.

6.2. As reclamacións só serán atendidas cando conorra algunha das circunstancias seguintes:

- Que se incorrese en erro por mor de interpretación equivocada dos documentos achegados ou da valoración do seu expediente académico.
- Que apareza ou se acheguen novos documentos de valor esencial para

a resolución.

c) Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.

6.3. Transcorrido o prazo indicado no parágrafo 6.1 sen que se presentase ningunha reclamación, ou unha vez resoltas as presentadas, a lista de cada centro adquirirá a condición de definitiva e será remitida á Oficina de Mobilidade.

6.4. Recibidas na Oficina de Mobilidade as listas definitivas de todos os centros, a Vicerreitoría de Estudiantes e Proxección Internacional publicará unha proposta global e definitiva do estudantado seleccionado e dos seus destinos. Contra esta relación definitiva poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o órgano convocante no prazo dun mes desde a súa publicación.

6.5 O taboleiro de anuncios no que se publicará as resolucións será o da sede electrónica, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web: <http://www.usc.es/internacional>

6.6 Ao mesmo tempo a Vicerreitoría enviará a relación definitiva de alumnado seleccionado á CRUE.

6.7 A praza de mobilidade SICUE non dará lugar ao aproveitamento de axuda económica.

SÉTIMA: ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

7.1. No prazo de **10 días hábiles** a contar a partir do día seguinte á publicación da **proposta global e definitiva**, o estudantado seleccionado deberá manifestar a súa aceptación ou renuncia (mediante modelo normalizado que atopará na web da Oficina de Mobilidade) enviando un correo electrónico a sicue@usc.es, independentemente de que a mobilidade concedida sexa para o primeiro, o segundo semestre ou para o curso completo.

7.2. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen motivo xustificado ou causa de forza maior quedarán excluídas da posibilidade de intercambio durante un curso académico. Esta mesma penalización seralle aplicada ao alumnado que non presente a súa aceptación ou renuncia por escrito dentro do prazo dos 10 días hábiles a partir da publicación da proposta global e definitiva.

7.3 No momento da aceptación dunha praza de mobilidade SICUE por curso completo, o alumnado non poderá seguir participando noutras convocatorias que estivesen publicadas de xeito paralelo. Polo tanto, aceptada formalmente unha praza no prazo establecido, o estudantado quedará eliminado doutros programas de mobilidade convocados pola Oficina de Mobilidade a que concorrese para o mesmo período de estadía. Con todo, poderá aceptar unha praza e optar a outra doutro programa dentro do mesmo curso académico se son para períodos distintos ou consecutivos.

OITAVA: OBRIGAS DO ALUMNADO SELECCIONADO

Aceptada a mobilidade, o estudantado seleccionado deberá cumprimentar e enviar á Oficina de Mobilidade os documentos que, relativos á súa praza, lle fosen requiridos e cumprir os pasos necesarios:

- 1) Poñerse en contacto co/a **coordinador/a académico/a** correspondente para recibir información sobre a universidade de destino, infraestrutura e recoñecemento académico dos estudos a realizar durante o período de estudos. Este paso pode ser previo á asignación de destino.
- 2) Completar e enviar en tempo e forma os formularios de **candidatura** da universidade de destino. Isto significa que aceptada a praza, o alumnado ten a obriga de seguir todas as instrucións que reciba da súa universidade de acollida. Mesmo no caso de non recibir tales instrucións, deberá comprobar na web correspondente os requirimentos e prazos aos que queda suxeito/a por ser estudante de intercambio SICUE nesa universidade. Isto é unha responsabilidade exclusiva da persoa candidata.
- 3) Elaborar, co asesoramento do/a coordinador/a académico/a, un **acordo de estudos** conforme ao establecido na base novena desta convocatoria. A Oficina de Mobilidade proporcionará a cada persoa seleccionada o correspondente documento acreditativo Credencial SICUE unha vez que o acordo de estudos estea debidamente cumprimentado. Non se entregará ningunha credencial sen ter formalizado o acordo de estudos.
- 4) O alumnado seleccionado deberá remitir por correo electrónico sicue@usc.es nun prazo de un mes desde a súa chegada o modelo de certificado de chegada dispoñible na ligazón https://www.usc.gal/gl/perfis/internacional/programas/sicue/estudiantes_outgoing.html debidamente asinado e selado pola universidade de acollida.
- 5) O alumnado ten a obriga de realizar na universidade de destino os estudos para os que se lle outorgou a praza até o remate do período de estudos. Se durante o período de mobilidade o estudiantado decide acurtar a súa estadía, deberá comunicalo por escrito ao/á coordinador/a académico/a responsable e á Oficina de Mobilidade, así como á universidade de acollida.

NOVENA: O ACORDO ACADÉMICO

9.1 O estudiantado que resulte seleccionado para participar no programa SICUE deberá, con carácter previo á súa incorporación á universidade de destino, e contando co asesoramento da súa coordinación académica, formalizar un acordo de estudos ou acordo académico no formato normalizado dispoñible no enlace:

http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/sicue/estudiantes_outgoing.html

9.2. Este documento terá carácter vinculante cando estea asinado polas tres partes implicadas (estudiante, centro de orixe e centro de destino) e sempre que se cumpran os requisitos establecidos para o intercambio, o plan de estudos do estudiantado e as normas de matrícula e permanencia.

9.3 **Recoméndase encarecidamente elaborar o acordo de estudos firmado polo/a coordinador/a e entregalo a persoa xestora do centro antes do 9 de xullo de 2021.** En todo caso, a **data límite** é o **3 de setembro de 2021** para as mobilidades do primeiro semestre ou do curso completo e o **29 de outubro 2021** para as mobilidades do segundo semestre. Unha vez elaborado o acordo de estudos, non se admitirán a trámite modificacións antes de incorporarse o estudiantado á universidade de acollida. Estas modificacións só poderán realizarse durante o primeiro mes desde o inicio do semestre na universidade de destino empregando o modelo de cambios normalizado.

9.4. No acordo de estudos incluíranse as materias ou actividades que vai cursar na universidade de destino, así como as materias correspondentes ao plan de estudos que está a cursar na USC, e cuxo recoñecemento vai obter como consecuencia da superación daquelas, así como a equivalencia en créditos.

9.6. O acordo académico tamén poderá incluír o traballo de fin de grao (TFG) se as normas do centro de procedencia o permiten e se a universidade de acollida así o admite. Tanto no caso de prácticas externas como en traballos de fin de grao, as universidades deberían indicar a dispoñibilidade de poder realizalos con bastante tempo para non prexudicar os intereses do estudantado suxeito a mobilidade. O alumnado tamén debe poñerse en contacto con antelación suficiente cos/as coordinadores/as de destino para coñecer a viabilidade das prácticas externas ou do traballo de fin de grao e a súa inclusión no acordo académico.

9.7 O número de convocatorias ás que ten dereito o estudantado serán as que se levan a cabo na universidade de destino para esa materia e curso académico. Poderanse cursar optativas do plano de estudos da universidade de destino non incluídas no plano de estudos da universidade de orixe, incorporándoas posteriormente ao expediente do alumnado na universidade de orixe como créditos optativos.

9.8. O alumnado poderá cursar en réxime de intercambio tantas materias suspensas como cursos académicos nos que estivera matriculado, sen contar o curso en que vaia realizar a mobilidade. Deste xeito, un/ha estudante matriculado/a en cuarto curso no ano que realice o intercambio podería incluír tres materias suspensas dos cursos previos. Do resto das materias suspensas non poderá matricularse, agás que o seu intercambio sexa dun semestre. Neste caso deberá matricularse na USC das materias suspensas do período en que non vaia realizar a mobilidade.

Poderán incluírse materias matriculadas nas que o estudantado non se tivera presentado e aparezan cualificadas con “non presentado”. No caso destas materias estas terán o mesmo tratamento que si se desen na universidade de orixe, tanto a efectos de cualificacións como de convocatorias. Non se asinarán acordos académicos cunha temporalidade diferente á subscrita nos acordos bilaterais.

Se o estudantado desexa incluír no intercambio SICUE materias que non se atopen na titulación obxecto do acordo académico, poderá cursalas en titulacións afíns coas que non haxa acordo, previa autorización de todas as partes: a coordinación da universidade de destino implicada, así como a coordinación académica da universidade de orixe.

No acordo académico especificarase a duración concreta da estadía, segundo o determinado no Convenio Bilateral asinado entre a USC e a Universidade de destino.

Non obstante, cando a praza obtida corresponda a unha estancia de un curso completo, poderán autorizarse acordos académicos para estadías de medio curso (3,4,5 ou 6 meses en función da organización académica de cada universidade), e viceversa, é dicir de medio curso á curso completo, sempre e cando as coordinacións das universidades de orixe e destino estean de acordo, e non se incorra en agravio comparativo con ningún/ningunha estudante que solicítase praza. Ambas coordinacións poderán, se fose necesario, xustificar a súa decisión de redución ou ampliación da estadía mediante algún tipo de documento, e en todo caso, farase constar dita redución ou ampliación no anexo do impreso C, nos cadros reservados para ese efecto.

9.9 A estadia na universidade de destino terá unha duración dun semestre ou de curso completo:

- *Curso completo* para cursar un mínimo de 45 créditos.
- *Un semestre* para cursar un mínimo de 24 créditos.

Naqueles supostos nos que á/ao estudante lle resten para finalizar os seus estudos menos créditos que o mínimo esixido en cada tipo de estadia, poderá optar ao intercambio a condición de que se matricule de todos eles. No caso de que lle resten menos de 24 créditos a mobilidade será dun só semestre de duración.

O estudantado cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior o 33% poderá solicitar unha diminución dos créditos incluídos no acordo de estudos. Esa solicitude deberá ir acompañada dun informe do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) da USC. Nestes casos os centros de orixe e destino procurarán informar, coordinar e realizar un seguimento máis adecuado a través das persoas responsables de mobilidade e as unidades de atención á diversidade e discapacidade. Para este estudantado establécese a seguinte carga lectiva mínima:

- *Curso completo* para cursar un mínimo de 24 créditos.
- *Un semestre* para cursar un mínimo de 12 créditos.

9.10 Unha mesma persoa non poderá obter máis de un intercambio SICUE na mesma universidade, nin máis de un en cada curso académico.

DÉCIMA: MATRÍCULA

10.1. Unha vez formalizado o acordo de estudos, o alumnado deberá formalizar necesariamente, e dentro dos prazos ordinarios establecidos, a matrícula na USC do total dos créditos incluídos no acordo de estudos. Non procederá a matrícula contravindo o plan de estudos nin as normas de matrícula e de permanencia da USC.

10.2. Esta matrícula reportará os prezos públicos que determine o decreto correspondente da Xunta de Galicia e calquera outra norma que sexa aplicable á matrícula ordinaria. A realización do mencionado pagamento de prezos públicos suporá a consideración como estudante da USC para todos os efectos.

No período de duración da estadia do Programa de intercambio SICUE, o estudantado será alumnado do Centro de orixe a todos os efectos, tendo os dereitos académicos e obrigas do alumnado do centro de destino. A/o estudante deberá solicitar admisión como estudante de intercambio SICUE na universidade de destino e cumprir con todos os requisitos e formalidades que esta lle requira para a súa admisión e matrícula.

10.3. De xeito complementario ao seguro escolar de subscripción obrigatoria para todo o estudantado da USC, o alumnado que faga unha mobilidade SICUE terá que contratar o seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe para estudantes que determine a USC, independentemente da existencia de requisitos adicionais impostos pola institución de acollida. A contratación dese seguro está vinculada á matrícula para o período de intercambio e a póliza poderá ser descargada desde a Secretaría Virtual do alumnado.

10.5. O estudantado seleccionado estará sometido ao réxime de estudos e disporá das convocatorias de exame que teña establecidos a universidade de destino. Non obstante, ao alumnado permitiráselle presentarse á convocatoria de recuperación de xullo das **materias cursadas no primeiro semestre** sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- Que a materia non se superase na universidade de destino, circunstancia que debe acreditarse no momento da solicitude.
- Que a materia da titulación de orixe teña contidos equivalentes ao da materia cursada na universidade de destino. En ningún caso se permitirá render exame na USC de materias optativas das que estea matriculado/a na universidade de destino e que non existan no plano de estudos da USC.
- Que a guía docente non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación da materia de xeito independente (por exemplo sen ter asistido a clase) na segunda oportunidade.

A solicitude de presentación á oportunidade de xullo poderá realizarse perante o/a coordinador/a académico/a por calquera medio que permita constancia da súa recepción cun mínimo de 30 días antes do período de exames de xullo. A persoa coordinadora comprobará que a solicitude reúne os requisitos e a remitirá ao centro con informe favorable ou desfavorable. A RAM autorizará ou desestimarán a solicitude por calquera medio que permita ter constancia e o comunicará con antelación suficiente ao profesorado da materia antes da avaliación e á persoa interesada. A unidade de apoio á xestión comunicará á UXA correspondente a relación do estudantado que se vai acoller a esta posibilidade para que esta lles retire a condición de estudante de intercambio na acta e poidan ser cualificadas.

As materias do segundo semestre e as materias anuais quedan expresamente excluídas desta posibilidade.

DÉCIMOPRIMEIRA: RECEPCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS E RECOÑECIMENTO DOS ESTUDOS REALIZADOS

11.1. Unha vez finalizada a súa estadía na universidade de destino, esta expedirá unha certificación académica oficial, acreditativa dos estudos realizados por cada estudante que enviará ás correspondentes universidades de orixe; en dita certificación académica figurará a denominación das correspondentes materias ou actividades cursadas polo alumno, os créditos obtidos e a cualificación acadada.

As matrículas de honra obtidas na universidade de destino deberán incorporarse ao expediente académico do alumnado pola universidade de orixe, xa que forman parte do sistema de cualificación.

11.2. Recibida a certificación académica oficial na universidade de orixe, o/a coordinador/a académico/a fará chegar á unidade de apoio á xestión do centro a proposta de resolución de recoñecemento de estudos. A proposta fixará as materias das cales se propón o recoñecemento, o número de créditos e as cualificacións acadadas, que en ningún caso poderán ser diferentes ás que figuren na certificación académica oficial expedida pola universidade de destino. Desde a unidade de apoio á xestión verificarase que se corresponde co recollido no acordo de estudos, coa matrícula formalizada e coa certificación académica oficial da universidade de destino.

11.3. A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada pola unidade de apoio á xestión do centro ao/á decano/a ou director/a do centro para que se emita a correspondente resolución. Esta resolución seralle comunicada a persoa interesada e remitida á UXA correspondente acompañada das certificacións orixinais para a súa custodia no expediente documental do/a estudante e para que proceda á imputación das cualificacións no seu expediente académico. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Intercambios da USC e os do plano de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no citado expediente na primeira convocatoria ordinaria en que se poida incluír.

DÉCIMOSEGUNDA : NORMAS DERRADEIRAS

12.1. O estudantado SICUE ten a obriga de proporcionar á Oficina de Mobilidade toda a documentación relacionada coa mobilidade que se lle requira. Especialmente importante é o certificado de chegada que acredita a incorporación efectiva do alumnado en destino.

12.2 A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos Artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Con todo, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,

O Vicerreitor de Estudantes e Proxección Internacional

Victor Arce Vázquez

Documento firmado digitalmente conforme a la Ley 39/2015 del 1 de octubre de
procedimiento administrativo común de las administraciones públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICTOR MANUEL ARCE VAZQUEZ, VICERREITOR DE ESTUDANTES E PROXECCION INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/02/2021 08:42:38.

CSV: 29FD-3415-47E3-8023